



SGAPEIO

Sociedade Galega para a
Promoción da Estatística
e da Investigación de
Operacións



SGAPEIO

Sociedade Galega para a
Promoción da Estatística
e da Investigación de
Operacións

SGAPEIO

Facultade de Matemáticas

Campus Vida, s/n

15782 Santiago de Compostela

A Coruña (ESPAÑA)

Web: <http://www.sgapeio.es>

Sociedade Galega para a
Promoción da Estatística
e da Investigación de
Operacións




PRESENTACIÓN DA SGAPEIO

A **Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e Investigación de Operacións** (SGAPEIO) é unha organización independente e sen ánimo de lucro que ten como obxectivo principal a promoción e divulgación dos métodos e aplicacións da Estatística e da Investigación de Operacións no ámbito galego, (artigo 2.1 dos Estatutos).

Para lograr este obxectivo, a SGAPEIO organiza congresos, cursos, seminarios, edita boletíns de información, promociona a Estatística e a Investigación Operativa, tanto no mundo da empresa coma no sector público, organiza actividades para que os estudantes de ESO, Bacharelato e ciclos formativos se inicien no campo da Estatística e as súas aplicacións co apoio dos seus profesores, estimula a investigación e, en xeral, pon a Estatística e a Investigación de Operacións ó servizo da Ciencia e da Sociedade.

QUEN SOMOS?

Na actualidade somos preto de duascenas persoas que traballamos no eido da Estatística e da Investigación de Operacións. Ademais, a Sociedade conta con 7 socios institucionais. Entre os socios e socias individuais, a porcentaxe de mulleres supera lixeiramente á de homes (53% vs 47%), e a distribución por profesión e provincia é a seguinte:



QUE FACEMOS?

Dende a súa fundación no ano 1992, a SGAPEIO ven organizando congresos bianuais nos que participan distintos profesionais da estatística, o primeiro dos cales se celebrou na cidade da Coruña no ano 1993. Nestes congresos presentáronse traballos sobre a investigación en estatística, o ensino secundario, aplicacións en distintos campos como a bioestatística ou a estatística oficial. No ano 2000 a Sociedade estableceu o Premio SGAPEIO á Innovación Pedagóxica en Centros de Educación Secundaria para promocionar a actividade cotián dos profesores e alumnos en secundaria.

A SGAPEIO edita o boletín INFORMEST, que é a ferramenta de comunicación entre os socios, con posibilidade de participar mediante colaboracións, e con seccións fixas que informan das novas do IGE ou de eventos relacionados coa Sociedade.

Unha vez ao ano celébrase unha asemblea xeral ordinaria; os anos que hai congreso da Sociedade, a asemblea celébrase coincidindo co congreso, e nos anos que non hai congreso, organízase algunha actividade complementaria, como unha conferencia ou charla de interese.

QUE CHE OFRECEMOS?

- # Cada ano recibirás dous números do boletín INFORMEST, que é a publicación periódica da SGAPEIO, na que se inclúen varias seccións que poden ser do teu interese, e podes participar con suxerencias, comentarios ou escribindo unha colaboración sobre un tema que poida ser de interese para o resto de socios e socias.
- # Cada quince días recibirás un correo electrónico con anuncios sobre eventos de interese (cursos, xornadas, ...) e ofertas de emprego.
- # En virtude dos acordos de reciprocidade coa Real Sociedad Matemática Española (RSME) e coa Asociación Galega de Profesores de Educación Matemática (AGAPEMA), podes ser tamén socio desas sociedades cun desconto do 50% na súa cota anual.
- # Organizamos cursos e actividades nos que podes participar gratuitamente ou con custo reducido.

Dende a SGAPEIO queremos animarte a unirse á nosa Sociedade.

COMO ASOCIARSE?

Para solicitar a alta na SGAPEIO só hai que cumprimentar o formulario dispoñible en <http://www.sgapeio.es> no apartado de A SOCIEDADE/ ASOCIARSE

